



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Tojo Suárez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. José Barreiro Somoza
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Augusto Viso Alonso
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Jesús Alfaya Fernández
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. Alberto Alonso Costas
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. José Luis Capelo Martínez
Dª Milagros Cavada Nieto
Dª Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Alvarez
D. Manuel Fernández Areal
Dª Esperanza Fernández Gómez
D. Joel Fernández Soto
D. Luis Vicente García Lloréns
D. José Antonio Gómez Barbeito
Dª Laura González Novoa
Dª Mª do Carmo Henriques Salido
Dª Betty Mi. León Fong
Dª Mª del Pilar López Vidal
D. José Mira Penedo
D. Carlos Mollinedo Lois
Dª Mª Pilar López Vidal
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Xosé Luís Outes Ruso
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano P-Mnez. e Pamor
Dª Ana Belén Reboredo Fernández
D. Celso Rodríguez Fernández
D. José Manuel Santos Suárez
D. José Angel Sampayo Fernández
Dª Susana Inés Soto Soto
D. Francisco Tugores Martorell
D. Fco. José Vázquez Núñez
D. José A. Veiro García

ESCUSAN ASISTENCIA

Dª Carmen Becerra Suárez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Mª Correa Otero
Dª Mª Teresa Viñas Gil

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o dezaseis de setembro de mil novecentos noventa e seis, ás 10.00 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O luns, **día 16 de setembro de 1996**, ás 10.45 horas, celebrouse sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-lo seguinte punto da orde do día:

PUNTO ÚNICO

"Aprobación, se procede, do proxecto de Programación plurianual".

Preside a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

Cada un dos Vicerrectores e o Xerente fan a presentación dos distintos apartados do proxecto de Programación plurianual.

Prodúcese un debate no que hai varias intervencións.

INFRAESTRUCTURAS.-

D. Cándido Pérez Betanzos, quéixase do pouco tempo que se deu para examina-la documentación.

Dª Mª do Carmo Henriques Salido que pide respecto para o galego e que se corrixa o mal uso que se fai del en dita programación.

D. Pedro Araújo Nespereira que solicita conste na programación a titularidade dos edificios da Facultade de Belas Artes de Pontevedra e da Escola de Gaitas no Campus de Ourense, para a Universidade de Vigo.

D. Enrique Barreiro Alonso que pide se cambie o termino "e" polo de "o" para non priorizar ningunha das titulacións solicitadas no Campus de Ourense, en particular en Enxeñeiro en Informática e Enxeñeiro Técnico en Informático de Xestión; acéptase a proposta.

Solicítase que se ordenen os cadros do mesmo xeito no que se atopa o texto; acéptase.

ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.-

D^a **Margarita Estévez Toranzo** que di que é máis lóxico que as titulación de Licenciado en Investigación e Técnicas de Mercado e Diplomado en Xestión e Administración Pública se pidan para o Campus de Vigo.

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire indica que esas titulacións se porán na Facultade de Ciencias Sociais do Campus de Pontevedra.

D. **Antón Fernández Álvarez** e D^a **M^a Luisa Alonso Escontrela** propoñen que se pida unha titulación superior para a Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB de Pontevedra e así transformala en Facultade como ocorre no resto das Universidades.

Tamén piden que se retire a proposta da titulación de Mestre especial de Lingua Estranxeira, solicitada para a Escola adscrita de EXB de Vigo, xa que se chegara a un acordo de reparto das distintas especialidades de Mestre nas tres escola da Universidade de Vigo.

O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, contesta que se retirará do proxecto de programación plurianual se existe dito acordo.

D. **José Manuel Santos Suárez** indica que a súa escola non pediu a titulación de Enxeñeiro en Electrónica, xa que aínda estanse debatendo outras especialidades de enxeñeiros en Telecomunicación.

Pide que conste en acta a súa abstención na votación do proxecto de programación plurianual.

D^a **M^a do Carme Henriques Salido** pide que se corrija o nome do Departamento "Didácticas das Ciencias e da Lingua" por "Didácticas das Ciencias e das Linguas".

D^a **Milagros Cavada Nieto** solicita que se cambie o nome da Facultade de Humanidades de Ourense polo de Facultade de Historia.

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, indica que o nome de Facultade de Humanidades permite a incorporación doutras titulacións; acéptase o cambio de nome polo de Facultade de Historia.

D. **Enrique Barreiro Alonso** solicita que se cambie o parágrafo da páxina 44 "no que se refire ós estudos de Informática, á vista das boas perspectivas de futuro deste tipo de titulacións e da gran demanda social existente, buscarase complementa-la titulación de Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión coas titulacións de Enxeñeiro Informático (2º ciclo) e de Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas (1º ciclo)"; acéptase.

INNOVACIÓN EDUCATIVA.-

D^a **M^a do Carme Henriques Salido** solicita que se cambie o termino "valedor" por "defensor"; acéptase.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-votos a favor do proxecto:	25
-votos en contra:	0
-abstencións:	9

Apróbase o proxecto de programación plurianual para levalo ó Claustro Universitario (anexo D).

D. **Manuel Pérez Donsión** presenta un escrito no que di "fago constar que no que se refire o custo previsto no proxecto plurianual para as instalacións da E.T.S. de Enxeñeiros de Minas, punto 5.1.2.2. apartado b, achégase un estudio por un custo de 756.676 m/ptas. superior o que figura no devandito proxecto. Polo tanto, prégase un estudio complementario para contemplar na súa totalidade as necesidades reais de instalación do devandito edificio para Enxeñería de Minas e definir e definir dunha forma máis precisa o seu custo" (anexo II).

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.00 h. do día 16 de setembro de 1996, da que eu como Secretario dou fe, co vº e praxe do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luis Legido Soto